

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO EN GALICIA NO ANO 2026, ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES CULTURAIS NAS LIBRARÍAS.

En Santiago de Compostela,

### REÚNENSE:

**Dunha parte a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude** (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

**Doutra, a Federación de Libreiros de Galicia** con NIF V15038458 (en adiante "a Federación") e no seu nome e representación María del Cielo Fernández Fernández, na súa condición de presidenta, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

### EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións en-



camiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega e mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura, preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Consellería pretende con iso crear novas vías de achegamento cultural aos galegos, creando amplos escaparates, abertos a diferentes actividades susceptibles de comunicación a través da súa venda ou exposición pública.

A Federación é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu no ano 1977, como unha asociación integrada polos libeiros e libeiras con establecemento aberto na Comunidade Autónoma Galega.

A Federación ten como finalidade un labor de continuidade no campo da promoción e difusión do libro e a lectura e, por extensión, da cultura en galego e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

Para o cumprimento destes fins a Federación utiliza, entre outros, os seguintes medios:

Participa na política libreira e bibliográfica e intervén nas actividades que afecten ao mercado do libro, á comercialización e aos intereses profesionais dos asociados; fomenta e organiza feiras do libro en todos os seus ámbitos; organiza ou colabora na organización de actividades culturais, recreativas ou sociais e participa activamente no fomento do libro.

A maioría das librarías en Galicia atópanse nunha situación de desactualización, seguindo un modelo non renovado de pequeno comercio. Para fomentar e potenciar a súa participación como axentes culturais, e mellorar o seu posicionamento no tecido empresarial galego, débese potenciar a súa actualización a través da formación, que contribúan a unha xestión máis eficiente das librarías e a unha máis extensa difusión das súas actividades culturais.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades que se van realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se leva a cabo esta colaboración.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,



## ESTIPULACIÓNS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería e a Federación para a realización das feiras do libro de Galicia; a realización dunha xornada de formación e a realización de actividades culturais nas librarías.

Con isto preténdese acadar a valoración social do patrimonio cultural e a difusión e a posta en valor da lingua e a literatura galega.

### SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

A Asociación de Libreiros desenvolverá as seguintes actuacións:

#### 1. Feiras do libro:

Estes eventos coñecidos pola poboación atraen a cidadáns e visitantes que se acercan a eles non só pola oferta literaria senón tamén pola variedade de actividades que se ofrecen nos mesmos. Nestas citas culturais poténciase a creación literaria e ponse en valor o traballo literario, promociónanse os autores e autoras, os certames literarios e os premios que axudan os/as escritores/as a difundiren as súas obras; realízanse actividades artísticas que complementan a difusión cultural; destinadas para todos os públicos, en especial para os nenos e nenas.

Prevese celebrar un total de 13 feiras do Libro na Comunidade Autónoma galega, entre os meses de abril e agosto, co seguinte calendario proposto:

LOCALIDADE	DATA	LOCALIZACIÓN
<b>Ferrol</b>	23 – 26 de abril	Praza da Constitución
<b>Santiago de Compostela</b>	2 – 10 de maio	Paseo Central da Alameda
<b>Lugo</b>	13 – 17 de maio	Praza Maior (arriba)
<b>O Porriño</b>	14 – 17 de maio	Barrio San Bieito
<b>Redondela</b>	11 - 14 de xuño	Alameda
<b>Ourense</b>	17 - 20 de xuño	Parque de San Lázaro
<b>Vigo</b>	1 - 7 de xullo	Praza de Compostela
<b>Ponteareas</b>	9 - 12 de xullo	Xardíns da Xiralda
<b>Rianxo</b>	23 – 26 de xullo	Praza Castelao
<b>A Coruña</b>	1 - 10 de agosto	Xardíns de Méndez Núñez
<b>Viveiro</b>	13- 16 de agosto	Xardíns de Noriega Varela
<b>Foz</b>	20-23 de agosto	Praza de Conde Fontao
<b>Monforte de Lemos</b>	26 - 29 de agosto	Rúa do Cardeal





Con todo isto, axúdase a que a sociedade poña en valor o patrimonio cultural galego e a lingua galega, presente en todos estes certames.

## 2. Formación:

Continuar coa formación das persoas asociadas co deseño dunha acción formativa que dea continuidade á celebrada o ano pasado, para a modernización continua que lle permita as librarías adaptarse as novidades do mercado.

Prevese celebrar unha xornada formativa dun día de duración (mañá e tarde) con dúas principais temáticas; por unha banda, a venda online, os seus riscos e oportunidades; por outra banda, a problemática do sector e a súa situación legal, tendo en conta a perspectiva de todo o sector libreiro.

A formación farase dende unha metodoloxía eminentemente práctica e participativa, con exposición de especialistas e compartindo as boas prácticas de todas as persoas participantes. Ademais estas actividades formativas poden realizarse tanto presencialmente como en liña, xa que se retransmitirán a través de streaming para maximizar o número de librarías participantes.

Os destinatarios da formación son as librarías galegas en xeral, así como outros axentes do libro.

## 3. Actividades nas librarías

Para consolidar e ampliar o proxecto iniciado no ano 2024, entre os meses de abril e outubro, levaranse a cabo 30 actividades nas librarías repartidas do seguinte xeito: 5 clubs de lectura, 5 conversas entre escritores/as, e 20 contacontos.

Todas as actividades estarán relacionadas co libro galego, con autores galegos e, preferentemente, en lingua galega, deste xeito preténdese acadar un aumento da dinamización cultural e que as librarías consideren as actividades culturais como parte da súa actividade diaria.

As actuacións a realizar pola Federación, co seu orzamento desagregado, son as seguintes:





Orzamento	XUNTA	FLG
	74,95%	25,05%
Contratación de persoal de secretaría para as Feiras do libro (SB, SS e gastos de aloxamento)	13.364,00 €	
Materiais e montaxes (alugueiro e montaxe de casetas e subministros precisos para o correcto funcionamento das casetas): inclúe instalación de casetas con luz, equipo de son de secretaría e equipo para as actividades, wifi das casetas, material de secretaría e resto de conceptos.)	88.462,12 €	
Pantalla soporte e outro matyerial para as feiras	839,00 €	
Vixilancia e seguridade	15.787,64 €	
Deseño e comunicación	21.770,00 €	
Actividades feiras (contacontos, coloquios, presentacións...)	25.000,00 €	
Xornada formativa (ponencias e outros gastos necesarios)	3.000,00 €	165.000,00 €
Actividades nas librarías	9.755,00 €	55.146,76 €
Gastos de xestión (persoal de estrutura)	42.169,00 €	
	<b>220.146,76 €</b>	<b>165.000,00 € 55.146,76 €</b>

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é a Federación de Libreiros de Galicia é a única entidade asociativa deste sector das librarías galegas que representa os intereses colectivos dos libreiros e das libreiras de Galicia, á vez que ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e a organización das feiras do libro, tanto locais como de ámbito territorial da Federación.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.



### **TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO**

O orzamento total para a organización das feiras ascende a 220.146,76 €. A Consellería comprométese a aboar como máximo o 74,95 % do orzamento total da actividade, que en ningún caso, deberá superar a cantidade de 165.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Queda por conta da Federación a diferenza de financiamento necesario, 25,05 % restante a conta dos seus ingresos e recursos propios, para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Consellería poderá realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación sempre que se constitúa a correspondente garantía á que obriga o artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou ben a través de aval bancario, que deberá cubrir o 110% do pago anticipado con alcance ata o 15 de xaneiro de 2027. A cantidade máxima que se realizará como pago anticipado será do 50% do importe total subvencionado nun único anticipo. A cantidade restante do total subvencionado non se aboará ata que non sexan xustificadas os gastos da actividade subvencionada.

As garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou en calquera das súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da Consellería de Facenda (artigo 69 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

### **CUARTA.- COMPROMISOS DA FEDERACIÓN**

A Federación comprométese a:

- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.
- A facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a Federación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo





15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a Federación ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- De acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a Federación de Libreiros de Galicia contratase conxuntamente actividades que superasen os 14.999,99 euros, deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as presten ou subministren.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e ao Tribunal de Contas ao abeiro do artigo 40.1 de Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.
- Presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

## QUINTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.



## **SEXTA.- COMPROBACIÓN DE DATOS**

Para a tramitación deste convenio consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

Certificacións da AEAT, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## **SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e pola presidenta da Federación, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

## **OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables aqueles gastos realizados e pagados antes de finalizar o período de xustificación que se deriven da execución daquelas actuacións previstas na memoria de actividades e determinadas neste convenio, e que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, coas peculiaridades dos seguintes conceptos:

Gastos de xestión de coordinación: serán subvencionables as horas dedicadas á realización das actividades obxecto deste convenio (salario e gastos de desprazamento) por parte do persoal da Federación ata a cantidade establecida no orzamento previsto na cláusula segunda.

As nóminas presentadas como xustificación deberán corresponder a realización das actividades e na proporción na que realmente se dedique as mesmas.



## **NOVENA- XUSTIFICACIÓN**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, en todo caso, deberán corresponder aos conceptos e contías estipulados no presente convenio. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 13 de novembro de 2026.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan, en todo caso, á natureza da actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, [HTTP://sedentariamente/a-mina-sede](http://sedentariamente/a-mina-sede)

A Federación presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

-Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Informes de dedicación do persoal propio da entidade ao obxecto do convenio, indicando a proporción da nómina que corresponde a actividade ou o número de horas vinculadas ao proxecto.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

.Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.

.As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

No caso de que a Federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio están sometidas á comprobación explícita da súa realización por partes dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

A Federación de Libreiros deberá cumprir os obxectivos establecidos neste convenio de acordo co cadro de gastos recollido na cláusula segunda, non obstante poderán realizarse modificacións entre partidas de ata o 5% do gasto subvencionable, sempre que



se cumpran todos os obxectivos establecidos e se acorde previamente pola comisión de seguimento.

### **DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade nin-gunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Federación, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS**

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Federación de Libreiros de Galicia deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓN**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.



O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O transcurso do prazo de vixencia do presente convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando a modificación teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

#### **DÉCIMO QUINTA.- CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.**

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento,



informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <http://www.librarias.org/> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, potabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

## **DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

## **DÉCIMO SÉTIMA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen persona-



lidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DECIMO OITAVA.- MODIFICACIÓN**

Será de aplicación a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que segundo o disposto no artigo 31.4, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

Presidenta da Federación de Libreiros de Galicia

María del Cielo Fernández Fernández

